

# ENCUENTRO LITERARIO

**Mércores 13 de abril de 2011, ás 20.00 h,  
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”  
(Pazo de Vila Melania, Vilaboa).**

**Interveñen:**

**Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.  
Miguel Anxo Fernán Vello, poeta e editor.  
Carlos Pereira Martínez, historiador.  
Pilar Pallarés, poeta.**

**Haberá unha actuación do "Dúo de guitarra e voz"  
do Conservatorio de Música de Culleredo, a cargo de  
Cristina López Fraga, voz, e Antía Seijas Vieites, guitarra.**



## CON PILAR PALLARÉS

## Presentación

É un enorme pracer poder acoller na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” este encontro literario coa poeta cullerdense Pilar Pallarés, unha das poetas máis importantes e representativas da lírica galega actual.

Neste acto, Pilar Pallarés plantará unha árbore, un carballo, nunha zona do xardín do Pazo de Vila Melania que se está a converter no Xardín da Poesía.

E uniremos a música á poesía coa actuación do "Dúo de guitarra e voz" do Conservatorio de Música de Culleredo, a cargo de Cristina López Fraga, voz, e Antía Seijas Vieites, guitarra.

Agardámosvos.

Celestino Poza Domínguez  
Concelleiro de Cultura

## Datos biográficos:

Pilar Pallarés García naceu en Culleredo o 29 de abril de 1957. É licenciada en Filoloxía Galego-portuguesa pola Universidade de Santiago e exerceu como profesora de Lingua e Literatura en Ensino Medio.

Comezou a escribir aos 17 anos os seus primeiros poemas. En 1979 gaña o Premio de Poesía Nova da Agrupación Cultural O Facho da Coruña.

Formou parte do colectivo poético coruñés “De amor e desamor”, participando nos dous volumes colectivos editados polo mesmo: *De amor e desamor I* (1984) e *De amor e desamor II* (1985).

O seu libro *Sétima soidade* foi Premio Esquíu de poesía en 1983 e *Livro das devoracións* recibiu o Premio da Crítica Española e Premio de Creación literaria da Crítica galega

Parte da súa poesía esta espallada en revistas como *Festa da Palavra Silenciada*, *Luces de Galicia*, *Dorna*, *Nordés*, *Coordenadas*, *Area*, *Grial*, *Zurgai*, *Si scrive*, *Anthropos...*, e ten sido columnista en *O Correo Galego*, *A Nosa Terra* e *El País*. O seu labor poético aparece recollido nas máis importantes antoloxías sobre a poesía galega do século XX, e está traducida a outras linguas.

Como estudosa da literatura galega ten publicados diversos ensaios e artigos sobre autores como Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste ou Rosalía de Castro; sobre esta última, destaca "Rosalía: unha lectura feminista", publicado no libro colectivo *Rosalía de Castro: unha obra non asumida*.

Vinculada politicamente ao nacionalismo, ten colaborado con varias asociacións culturais e ditado conferencias en diversos lugares de Galicia, así como en Barcelona, Madrid ou Lisboa.

Na actualidade está a traballar nun novo poemario que se chamará *Leopardo son*.

O Concello de Culleredo, en recoñecemento á súa traxectoria, dedicoulle unha rúa no municipio no ano 2009. E no 2010 “Diálogos 90” entregoulle en Vigo o premio "Galega Destacada 2010".

## Libros publicados:

### Poesía:

*Entre Lusco e Fusco* (Edicións do Castro, 1980).

*Sétima soidade* (Sociedade de Cultura Valle Inclán, 1984).

*Livro das devoracións*, (Espiral Maior, 1996; 2ª ed. en 2009).

*Poemas* (Universidade das Illas Baleares, 2000).

### Ensaio:

*Rosas na sombra (a poesía de Luis Pimentel)* (Edicións do Cumio, 1991).

*Rafael Dieste. Caderno didáctico* (AS-PG, 1995, en colaboración).

*Literatura do século XX* (Vía Láctea, 1988, en colaboración).

*Fillo de Eva (88 poemas de Ricardo Carvalho Calero)* (Sociedade de Cultura Valle-Inclán, 1992).

*Ricardo Carvalho Calero: a dignidade persoal* (Concello de Ferrol, 1994, en colaboración).

